



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 13 DE SETEMBRO DE 2017.-

Na Casa Consistorial do Concello de Padrón, sendo as catorce horas do día trece de setembro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do alcalde, Antonio Fernández Angueira, e a asistencia dos concelleiros relacionados, reúnese a Xunta de Goberno Local, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este día.

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

Antonio Fernández Angueira.

CONCELLEIROS

José Ramón Pardo Andrade.

Lorena Couso Dopazo.

Francisco Javier Guillán Iglesias.

Escusan a súa ausencia:

Ángel Rodríguez Conde.

Asiste como secretario Adrián J. Márquez Caramés, secretario acumulado da Corporación, que dá fe do acto. Unha vez aberto este pola Presidencia, deseguido procedeuse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día.

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 23 DE AGOSTO DE 2017

Remitida ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o vinte e tres de agosto de dous mil dezasete por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

As licenzas urbanísticas outórganse nas condicións que figuran no informe do técnico municipal, sen prexuízo de terceiros, deixando a salvo o dereito de propiedade, co apercibimento de que as obras deberán axustarse á licenza ou seranlle de aplicación as sancións previstas na Lei do solo de Galicia, que lle afectan ao promotor, ao propietario dos terreos ou empresario e aos técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

As licenzas concédense con independencia doutro tipo de autorizacións administrativas que fosen procedentes. O prazo de iniciación non poderá exceder de tres meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

A Xunta de Goberno Local, en uso das competencias delegadas por Resolución da Alcaldía, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA** o seguinte, en relación coa concesión das seguintes licenzas urbanísticas:

2.1 ASUNTO: AMPLIACIÓN DE PASARELA SOBRE REGO O REGO DE PASTORIZA OU CABELAS, NO LUGAR DE PAZOS

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

EXPEDIENTE: 154/LU

I.-ANTECEDENTES:

Primeiro. Con data 05.09.2016 don Jesús Miguéns Angueira achegou por R.X.E nº7604 do Excmo. Concello de Padrón solicitude para levar a cabo obras de ampliación de pasarela sobre rego o rego de Pastoriza ou Cambelas, no lugar de Pazos, achegando xunto coa solicitude resolución do expediente DH.W15.52172 da Dirección de Augas de Galicia que autoriza as obras solicitadas, e memoria redactada polo enxeñeiro técnico agrícola Juan Manuel Hermida Vázquez que describe ás actuacións solicitadas.

Segundo. Con data 18.10.2016 o técnico que subscribe informa desfavorablemente as obras solicitadas en tanto non se emende unha serie de deficiencias notificadas ó solicitante mediante requirimento efectuado en data 21.10.2016 con R.X.S nº8878 do Excmo. Concello de Padrón.

Terceiro. Con data 08.11.2015 don Jesús Miguéns Angueira achega por R.X.E nº9312 do Excmo. Concello de Padrón documentación complementaria ó expediente de referencia integrado por proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan Manuel Hermida Vázquez e oficio de dirección de obra. Posteriormente en data 22.11.2016 con R.X.E nº9721 o solicitante aporta unha segunda copia do proxecto.

Cuarto. En data 14.07.2017 o técnico que subscribe informou favorablemente as obras solicitadas.

Quinto. En data 21.07.2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo, informou desfavorablemente as obras solicitadas, esixindo ao interesado a presentación dun modificado ou anexo ao proxecto, debidamente visado, que conteña unha memoria urbanística coa totalidade de pronunciamentos necesarios determinados polo artigo 353.2 apartado d) do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).

Sexto. En data 16.08.2017 con R.X.E nº6711 do Excmo. Concello de Padrón o solicitante achega documentación complementaria requirida, conforme o indicado no punto quinto dos antecedentes, para que se incorpore ó expediente e se proceda a súa información e tramitación, integrada por memoria urbanística redactada polo enxeñeiro técnico agrícola Juan Manuel Hermida Vázque e visada polo COETA en data 16.08.2017.

Sétimo. Os servizos municipais emitiron o preceptivo informe técnico e xurídico, tal e como consta no expediente.

II. LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Os artigos 9 a 19 do Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro.
- O artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- A Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Decreto 143/20 16, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG)
- Real Decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón, publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 207, do 9 de setembro de 1994 (PXOM).
- Plan parcial do sector R2 Iria- Padrón, así coma proxecto de urbanización do Plan Parcial Sector

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

R2, Iria-Padrón e a súa derradeira modificación aprobada definitivamente por Decreto do Alcalde de data 14 de setembro de 2004.

III.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que fosen procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, de acordo á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

SEGUNDO. O prazo máximo para resolver, en virtude do artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, será de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

TERCEIRO. Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa licenza de obra poranse en coñecemento da Administración municipal os datos identificativos e achegarase a documentación prevista no artigo 24 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

CUARTO. Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo fosen realizados en terreos de dominio público, esixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirá ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No caso de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requirisen a previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando fose negativa ou se incumpriron as medidas correctoras determinadas na mesma.

Non poderá presentarse a comunicación previa nin concederse licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

QUINTO. O procedemento para levar a cabo a concesión da licenza urbanística é o seguinte:

A. Presentándose a solicitude de licenza urbanística, achegando á mesma o correspondente proxecto completo redactado por técnico competente, será necesario informe técnico e xurídico dos Servizos Municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística. No informe técnico farase constar, ademais, se é necesario algún informe ou autorización doutra Administración ou da Comunidade Autónoma.

Consta o informe técnico favorable e nel sen fan as referencias á necesidade ou non de afeccións sectoriais.

B. Cando sexan procedentes autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras Administracións Públicas, o Concello remitiralles o expediente completo para que emitan autorización.

C. Emitidos os informes preceptivos, corresponderá resolver sobre o outorgamento da licenza ao Alcalde, de conformidade o artigo 61.1 ou) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, en relación co artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o artigo 13 do Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro. **No caso presente está delegada na Xunta de Goberno local.**

D. A Resolución será notificada aos interesados aos efectos oportunos.

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

CUARTO. A modo de motivación do acordo de referencia, reproducécese aquí parte do contido do informe do técnico municipal:

Primeiro. Examinada a documentación achegada extráese que as obras consistirán na ampliación dunha ponte existente sobre o rego de Pastoriza ou Cambelas, no lugar de Pazos, proxectándose a ampliación da da ponte existente de formigón, de carácter peonil ó contar cun ancho aproximado duns 70 cm., e aumentala ata unha anchura de 2,50 m. para permitir o paso de maquinaria agrícola. A devandita ampliación proxéctase empregando formigón armado para a lousa e a cimentación, resultando unhas dimensións en planta de 4,50 m. de lonxitude por 2,50 m. de ancho, e cunha separación entre apoios de 2,50 m. e unha altura sobre o leito do rego de 1,00 m.

Segundo. Vista a natureza da obra a levar a cabo, dado que se trata dunha actuación que afectan á estrutura e as condicións de seguridade dunha construción ou instalación existente, conforme ó establecido nos artigos 2.2.b) e 3.1.b.1) da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (L.O.E) e conforme ó disposto no artigo 142.2.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (L.S.G), enténdese necesario a necesidade da presentación dun proxecto técnico, así como a tramitación da solicitude da licenza urbanística como título habilitante de natureza urbanística. A solicitude achegada ven a dar cumprimento ó establecido no artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (L.S.G), e o proxecto técnico que se incorpora ó expediente ven dar cumprimento ao recollido no artigo 143.3 da devandita L.S.G, e define as actuacións a realizar con suficiente contido e detalle que permite coñecer o obxecto das mesmas permitindo comprobar que estas se axustan á normativa urbanística de aplicación, adquirindo o devandito documento presentado o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Cuarto. As obras proxectadas atópanse dentro do ámbito de solo non urbanizable de protección de ríos, regatos e zonas húmidas (SF), tendo a consideración de solo rústico de protección das augas conforme ó establecido na disposición transitoria primeira, apartado 2, da L.S.G e o contido de aplicación da mesma, séndolle de aplicación o disposto na L.S.G para o solo rústico. As obras solicitadas atópanse dentro dos usos e actividades permitidos en solo rústico, conforme ó indicado no artigo 35.1.a) da LSG, conforme se recolle na documentación complementaria achegada.

Quinto. As obras atópanse no entorno do Camiño Portugués de Santiago, polo que, consecuentemente segundo o disposto no artigo 39.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (L.P.C.G), as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, no seu caso, o entorno de protección ou na súa zona de amortiguamento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural. **As obras contan con autorización da dirección xeral do Patrimonio Cultural, mediante a resolución ditada en data 01.06.2017, e achegada a este concello en data de 09.06.2017 con R.X.E nº4845. Asemade, data a natureza das obras, enténdese xustificada a condición determinada na resolución.**

Sexto. As obras solicitadas contan coa autorización da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, segundo consta na resolución de data 18.08.2016 da dirección de Augas de Galicia, remitida a este concello en data 22.08.2016 con R.X.E nº7369.

Sétimo. O proxecto presentado xustifica e dá cumprimento aos documentos básicos de aplicación conforme ao establecido no Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico de la Edificación. Igualmente o proxecto xustifica e dá cumprimento á diferente normativa específica e sectorial de que lle é de aplicación. O proxecto conta con un anexo de xestión de residuos de construción e demolición conforme regula o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e un estudio básico de seguridade e saúde conforme establece o RD 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Oitavo. As obras considéranse autorizables conforme ó disposto no artigo 36 da L.S.G, e dende o punto de vista do PXOU de Padrón, as obras adáptanse as condicións xerais de edificación, **sendo estas compatibles e autorizables respecto ao instrumento de planeamento vixente**, podendo incluír a licenza dentro do tipo 4 das Normas de Tramitación recollidas no PXOU do Concello de Padrón ao referirse a licenzas de reforma xeral ou ampliación, estando suxeitas á obtención da conseguinte licenza aquelas obras destinadas á reforma estrutural.

Visto que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación, a Xunta de Goberno Local desta Entidade acorda por unanimidade dos membros presentes o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Outorgar, a licenza de obra de acordo coas consideracións que a continuación se sinalan:

Nome ou razón social do promotor: Jesús Miguéns Angueira
Técnico autor do proxecto e Director das obras: Juan Manuel Hermida Vázquez.
Situación ou emprazamento das obras: Lugar de Cambelas, Pazos, Padrón.
Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: obras de ampliación de pasarela sobre rego
Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo non urbanizable de protección de ríos, regatos e zonas húmidas (SF), tendo a consideración de solo rústico de protección das augas.
Contía en que se orzan as obras: 1.610,24 euros (sen IVE).
Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes, establécese para concesión da licenza os parámetros particulares establecidos no informe técnico, e os parámetros recollidos no proxecto técnico que integra o expediente.
Empresa contratista das obras: pendente de designación.
Prazo de inicio das obras: 6 meses desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo.
Prazo de finalización das obras: 36 meses, sen interrupción das obras por tempo superior a 6 meses.

Outras consideracións:

As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico e ás Memorias presentados xunto coa solicitude e ás Normas de plan vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no Plan/estudo de seguridade.

No curso de execución das obras adoptaranse as medidas previstas na lexislación en materia de seguridade e saúde no traballo. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal. A estes efectos, a notificación do acordo de concesión de licenza considérase a licenza.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos interesados aos efectos oportunos.

2.2 ASUNTO: ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA BARBERÍA

I.-ANTECEDENTES:

- Con data 13.03.2017 e R.X.E nº2156 do Excmo. Concello de Padrón, don Rafael Figueroa Fernández, achegou solicitude de licenza urbanística para levar a cabo as obras de acondicionamento de local situado no lugar Rúa Longa 12, baixo-A, Padrón, baixo a referencia catastral asignada 7820507NH2372S0001BO, acompañando xunto coa solicitude copia de proxecto

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

técnico redactado polo arquitecto técnico don Julián Méndez Suárez, colexiado nº2302 do COAATIE de A Coruña.

- En data 10.04.2017 o técnico municipal informou a compatibilidade das obras e que estas serían autorizables previa autorización pola consellería competente en materia de patrimonio, previo ao outorgamento do título habilitante.
- En data 10.07.2017 con R.X.E nº5833 do Excmo. Concello de Padrón recibíuse resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultura, en relación co acordo da Comisión Territorial do Patrimonio Galego da Coruña de data 21.06.2017, relativa á solicitude de autorización de obras do asunto de referencia, autorizando as obras solicitadas coas condicións sinaladas no informe da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico Galego da Coruña.
- En data 22.08.2017 achégase mediante rexistro telemático Reg.20179990000110 do Excmo. Concello de Padrón documentación complementaria para incorporar ao expediente de referencia, integrada por anexo I ó proxecto de acondicionamento e actividade de local para barbería redactado polo polo arquitecto don arquitecto técnico don Julián Méndez Suárez, recollendo as condicións establecidas no informe da Comisión Territorial Histórico Galego da Coruña, indicado no apartado anterior dos antecedentes do presente informe.
- En data 22.08.2017 achégase mediante rexistro telemático Reg.20179990000111 do Excmo. Concello de Padrón documentación complementaria para incorporar ao expediente de referencia, integrada designación do técnico encargado da dirección de obra, recaendo a función no arquitecto técnico don Julián Méndez Suárez.
- Os servizos municipais emitiron o preceptivo informe técnico, tal e como consta no expediente.

II. LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Os artigos 9 a 19 do Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro.
- O artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- A Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- A Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Decreto 143/20 16, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG)
- Real Decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón, publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 207, do 9 de setembro de 1994 (PXOM).
- Plan parcial do sector R2 Iria- Padrón, así coma proxecto de urbanización do Plan Parcial Sector R2, Iria- Padrón e a súa derradeira modificación aprobada definitivamente por Decreto do Alcalde de data 14 de setembro de 2004.

III.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que fosen procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, de acordo á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

SEGUNDO. O prazo máximo para resolver, en virtude do artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, será de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

TERCEIRO. Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa licenza de obra poranse en coñecemento da Administración municipal os datos identificativos e achegarase a documentación prevista no artigo 24 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

CUARTO. Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo fosen realizados en terreos de dominio público, esixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirá ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No caso de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requirisen a previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando fose negativa ou se incumpriron as medidas correctoras determinadas na mesma.

Non poderá presentarse a comunicación previa nin concederse licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

QUINTO. O procedemento para levar a cabo a concesión da licenza urbanística é o seguinte:

A. Presentándose a solicitude de licenza urbanística, achegando á mesma o correspondente proxecto completo redactado por técnico competente, será necesario informe técnico e xurídico dos Servizos Municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística. No informe técnico farase constar, ademais, se é necesario algún informe ou autorización doutra Administración ou da Comunidade Autónoma.

Consta o informe técnico favorable e nel sen fan as referencias á necesidade ou non de afeccións sectoriais.

B. Cando sexan procedentes autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras Administracións Públicas, o Concello remitiralles o expediente completo para que emitan autorización.

C. Emitidos os informes preceptivos, corresponderá resolver sobre o outorgamento da licenza ao Alcalde, de conformidade o artigo 61.1 ou) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, en relación co artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o artigo 13 do Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro. **No caso presente está delegada na Xunta de Goberno local.**

D. A Resolución será notificada aos interesados aos efectos oportunos.

CUARTO. A modo de motivación do acordo de referencia, reproducése aquí parte do contido do informe do técnico municipal:

PRIMEIRO. Segundo se desprende da documentación achegada as obras consisten na realización do acondicionamento dun local que anteriormente albergou outro actividade de tenda de roupa, se ben agora para a nova actividade de barbería preténdese levar a cabo un novo acondicionamento do local situado na planta baixa dun edificio integrado na súa totalidade de baixo comercial e tres plantas de piso para vivendas. O novo acondicionamento do local consiste no rebaxo do nivel do pavimento terminado ata unha

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

cota que permita a eliminación dun dos chanzos da entrada, para posteriormente realizar un acondicionamento interior baseado na execución dun aseo adaptado, posto que o local anterior carecía de aseo, así coma a renovación dos acabados interiores e as instalacións do local. Asemade, exteriormente proxéctase a renovación das carpinterías exteriores existentes de aluminio anodizado, proxectándose o cambio do escaparates por outros novos con perfilaría en aluminio lacado en cor verde, *en conformidade coa autorización remitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Histórico Galego da Coruña de data 21.06.2017, se ben estas condicións en aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, deberán refregarse na documentación a achegar polo solicitante logo de rematar a actuación, no prazo máximo de 6 meses, debendo remitir á Xefatura Territorial do Patrimonio Histórico unha reportaxe fotográfica ca cor das fachadas do inmovible.*

SEGUNDO. As obras solicitadas teñen a consideración de obras de reforma (intervencións que, podendo realizarse dentro e/ou fora dunha edificación, implican a substitución ou transformación de materiais, elementos ou partes dos mesmos, alterando ou non a súa estrutura e volumetría), conforme ó establecido no Anexo I Definicións, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG). Por tanto, as obras solicitadas non teñen a consideración de obras menores, polo que se xustifica a necesidade de presentación dun proxecto técnico. Asemade, conforme ó establecido no artigo 360.3.a) do RLSG as obras solicitadas quedarían excluídas do réxime de comunicación previa, como título habilitante de natureza urbanística, sendo preciso para a devandita actuación ó réxime de licenza urbanística conforme ó disposto no artigo 351 do RLSG. A solicitude achegada ven a dar cumprimento ó establecido no artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (L.S.G), e o proxecto técnico que se incorpora ó expediente ven dar cumprimento ao recollido no artigo 143.3 da devandita L.S.G, e define as actuacións a realizar con suficiente contido e detalle que permite coñecer o obxecto das mesmas permitindo comprobar que estas se axustan á normativa urbanística de aplicación, adquirindo o devandito documento presentado o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Terceiro. As obras proxéctanse nun local situado na planta baixa dun inmovible de uso residencial vivenda situado respecto ao PXOU de Padrón dentro do ámbito de aplicación da ordenanza de **solo urbano residencial de núcleo antigo (URNA)**, baixo as condicións urbanísticas ditadas pola ficha nº7 do Catálogo do Casco Histórico do PXOU de Padrón coa referencia 7.2, dentro do ámbito declarado BIC (Ben de Interese Cultural), conferíndolle un grado de protección 1(6) (determinante-tipolóxico) definido no PXOU de Padrón, na categoría de Paraxe Pintoresca conforme ó Real Decreto 3266/1977, do 11 de novembro, polo que se declara paraxe pintoresca o entorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín da Vila de Padrón, consecuentemente o artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), sinala que todos os planes, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou das infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ó patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ó informe da consellería competente en materia de patrimonio cultural. **As obras solicitadas contan coa autorización resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, conforme se indica no punto terceiro do apartado de antecedentes do presente informe.**

Cuarto. O proxecto presentado xustifica e dá cumprimento aos documentos básicos de aplicación.- DB SI Seguridade en caso de incendio, DB SUA Seguridade de utilización e accesibilidade, DB HS Salubridade, DB HR Protección fronte o ruído e DB HE Aforro de enerxía, conforme ao establecido no Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico de la Edificación. Igualmente o proxecto xustifica e dá cumprimento á normativa específica e sectorial de aplicación.- RD 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenrola a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas; Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba el Regulamento do desenvolvemento e execución da Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia; RD 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios; RD 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

seguridade e saúde nos lugares de traballo. Asemade, o proxecto conta con un anexo de xestión de residuos de construción e demolición conforme regula o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e un estudo básico de seguridade e saúde conforme establece o RD 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

Quinto. Dende o punto de vista do PXOU de Padrón, as obras adáptanse ás condicións xerais de edificación, **sendo estas compatibles e autorizables respecto ao establecido no instrumento de planeamento actual vixente.** Procede **informalas favorablemente**, encadrando a solicitude de licenza dentro do tipo 5 das Normas de Tramitación recollidas no PXOU do concello de Padrón ao referirse a licenzas de reforma parcial ou menor, que se obterá para todas aquelas obras destinadas á distribución de espazos no interior do edificio, que non deban ser englobadas en ningún dos apartados das normas de tramitación recollidas no PXOU. **Asemade comunícaselle ó interesado unha vez outorgada a licencia urbanística e despois de finalizadas as obras presentárase comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licencia urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra firmado polo técnico competente, así como cando proceda o certificado acústico, segundo establece o artigo 11.2 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.**

Visto que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación, a Xunta de Goberno Local desta Entidade acorda por unanimidade dos membros presentes o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Outorgar, a licenza de obra de acordo coas consideracións que a continuación se sinalan:

Nome ou razón social do promotor: Rafael Figueroa Fernández.
Técnico autor do proxecto e Director das obras: don Julián Méndez Suárez, arquitecto técnico colexiado nº2302 do COAATIE de A Coruña .
Situación ou emprazamento das obras: Rúa Longa 12, baixo-A, Padrón, baixo a referencia catastral asignada 7820507NH2372S0001BO
Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: Acondicionamento de local para barbería.
Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial de núcleo antigo (URNA).
Contía en que se orzan as obras: 15.390,67 euros (sen IVE).
Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes, establécese para concesión da licenza os parámetros particulares establecidos no presente informe, e os parámetros recollidos no proxecto técnico que integra o expediente.
Empresa contratista das obras: pendente de designación.
Prazo de inicio das obras: 6 meses desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo.
Prazo de finalización das obras: 36 meses, sen interrupción das obras por tempo superior a 6 meses.

Outras consideracións:

As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico e ás Memorias presentados xunto coa solicitude e ás Normas de plan vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no Plan/estudo de seguridade.

No curso de execución das obras adoptaranse as medidas previstas na lexislación en materia de seguridade e saúde no traballo. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

copia autorizada da licenza municipal. A estes efectos, a notificación do acordo de concesión de licenza considérase a licenza.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos interesados aos efectos oportunos.

2.3 ASUNTO: COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE ACTIVIDADE DE CAFÉ BAR ESPECIAL CON DENOMINACIÓN COMERCIAL “RETROVISOR” SITO NA RÚA VIDAL CEPEDA Nº4, BAIXO, FORMULADA POR D^a. MÓNICA RARÍS MOSQUERA, EXPTE 28/2017/CTA

EXPEDIENTE: 28/2017/CTA

ANTECEDENTES

Primeiro. En data 8 de agosto de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6572, comunicación previa de cambio de titularidade da licenza de actividade de CAFÉ BAR ESPECIAL que se desenrola en local sito na rúa Vidal Cepeda nº 4, baixo, con denominación comercial “RETROVISOR”, formulada por D^a. Mónica Rarís Mosquera, nova titular da actividade. Achégase coa solicitude formulario de comunicación previa de cambio na actividade, contrato de arrendamento, declaración censal (modelo 37 da Axencia Tributaria, e copia da cartulina de licenza da actividade.

Segundo. En data 29 de maio de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente a solicitude.

LEXISLACION APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG)
- Real Decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana
- Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias aor regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística (RHU).
- Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o regulamento de servizos das corporacións locais (RSCL)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC)
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón, publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 207, do 9 de setembro de 1994 (PXOM).
- Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Decreto 144/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 13 do regulamento das corporacións locais en canto á transmisibilidade da licenza.

Segundo. Artigo 24.3 da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en canto ao sometemento do troco de titularidade das actividades e establecementos ao réxime de comunicación previa e a suxección ao réxime establecido polo artigo 71 bis da lei 30/1992 de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC)

Terceiro. Artigo 20 do Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos:

1. O cambio de titularidade da actividade ou do establecemento será comunicado por escrito pola nova persoa titular ao Concello perante o cal se tivera presentado a comunicación previa ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento.

2. Na comunicación do cambio de titularidade abondaríña con incluír os datos identificativos da nova persoa titular, acompañados da referencia do título habilitante inicial e, no seu caso, dos que se tiveran tramitado para posteriores cambios de titularidade ou modificacións da actividade ou establecemento.

3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos aos que estivera sometida a actividade ou o establecemento se trasladará á nova persoa titular a partires do momento en que o cambio de titularidade se fixera efectivo, con independencia da data na que se leve a cabo a comunicación previa do cambio de titularidade prevista neste artigo. No caso de que a nova persoa titular non presente a devandita comunicación, a anterior persoa titular se eximirá de toda responsabilidade se acreditada perante a Administración o cambio de titularidade por calquera medio admisible en dereito.

Polo tanto, non existe impedimento para a toma de coñecemento do troco de titularidade, apercibindo á nova titular da obriga de cumprir con tódala normativa de aplicación e ir adaptando o desenrolo da actividade á normativa de aplicación en cada momento adaptando o local se é necesario, para o cal deberá contar co preceptivo título habilitante de natureza urbanística, licenza de obras ou ben comunicación previa de obras segundo a entidade da intervención.

Cuarto. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras e actividade tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, e polo tanto resultando tamén ser o órgano competente para tomar coñecemento e outorgar o troco de titularidade solicitado, **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

Primeiro. Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a CAFÉ BAR ESPECIAL sito na rúa Vidal Cepeda nº 4, baixo, outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón en data 11 de outubro de 2004, pasando á titularidade de D^a. MÓNICA RARÍS MOSQUERA, con denominación comercial "RETROVISOR", expediente 28/2017/CTA.

Segundo. O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma, quedando obrigado o novo titular a cumprir con tódala normativa de aplicación e ir adaptando o desenrolo da actividade á normativa de aplicación en cada momento adaptando o local se é necesario, para o cal deberá contar co preceptivo título habilitante de natureza urbanística, licenza de obras ou ben comunicación previa de obras segundo a entidade da intervención.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Cumplíméntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome do beneficiario da transmisión.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, aos efectos de levar a cabo a revisión da categoría da licenza municipal de apertura ao abeiro da clasificación establecida polo Decreto

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme a súa disposición transitoria primeira do mesmo.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

2.4 ASUNTO: MELLORA E ADECUACIÓN DE REDE DE EVACUACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DO SECTOR PADRÓN R2, IRIA FLAVIA.

EXPEDIENTE: 29/LU

I.-ANTECEDENTES:

Primeiro. En data 19 de febreiro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 1469, formulario de solicitude de licenza municipal de obras de mellora e adecuación de rede de evacuación de augas residuais do sector padrón R2, Iria Flavia, formulada por D. José Quiroga Díaz en representación de "Promociones Inmobiliarias Riberas del Sar S.L." Achégase coa solicitude "Proyecto de mejora y adecuación de red de evacuación de aguas residuales del sector Padrón R2" redactado polo arquitecto Arturo de Lorenzo González datado en febreiro de 2016, así coma copia de resolución do expediente DH.W15.46940 da Xefatura Territorial da Zona Hidrográfica de Galicia-Centro, Augas de Galicia, referida ás obras obxecto do expediente.

Segundo. En data 11 de abril de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite informe técnico referindo a necesidade de tramitar o expediente perante o Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Terceiro En data 13 de abril de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos efectos de tramitar a correspondente autorización sectorial.

Cuarto. En data 17 de xuño de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 5450, Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 13 de xuño de 2016 que informa favorablemente as obras solicitadas, se ben referindo a necesidade de presentar un proxecto de control arqueolóxico que deberá ser autorizado con carácter previo ao inicio das obras.

Quinto. En data 13 de xullo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6240, resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 6 de xullo de 2016 que autoriza o control arqueolóxico para a zona destinada ás obras proxectadas.

Sexto. En data 24 de agosto de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite informe técnico en senso favorable, requirindo nembargantes a presentación dun aval para responder pola afectación de servizos de carácter público, a designación do técnico director das obras e a aportación da elevación a público da servidume de paso dunha das fincas, de titularidade privada, por onde discurrirá a canalización.

Sétimo. En data 28 de setembro de 2016 remítese requirimento ao interesado da documentación adicional referida no informe técnico municipal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Oitavo. En data 3 de outubro de 2016 ten entrada no Concello fax da representación legal da promotora na que se solicita unha prórroga do prazo conferido para a aportación da documentación requirida.

Noveno. En data 13 de xuño de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4936 , escrito da promotora do expediente aportando a documentación requirida.

Décimo. En data 23 de xuño de 2017 achégase documentación adicional consistente en subsanación da escritura de elevación a público da servidume, por un erro material acaecido na primeira.

Décimo primeiro. En data 1 de agosto de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6392, escrito da promotora achegando certificado de inscrición rexistrada de servidume.

Décimo segundo. Os servizos municipais emitiron o preceptivo informe técnico e xurídico, tal e como consta no expediente.

II. LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Os artigos 9 a 19 do Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro.
- O artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- A Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Decreto 143/20 16, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG)
- Real Decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón, publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 207, do 9 de setembro de 1994 (PXOM).
- Plan parcial do sector R2 Iria-Padrón, así coma proxecto de urbanización do Plan Parcial Sector R2, Iria-Padrón e a súa derradeira modificación aprobada definitivamente por Decreto do Alcalde de data 14 de setembro de 2004.

III.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que fosen procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, de acordo á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

SEGUNDO. O prazo máximo para resolver, en virtude do artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, será de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

TERCEIRO. Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consígnase expresamente esa circunstancia e, xunto coa licenza de obra poranse en coñecemento da Administración municipal os datos identificativos e achegarase a documentación prevista no artigo 24 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

CUARTO. Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo fosen realizados en terreos de dominio público, esixíranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirá ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No caso de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requirisen a previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando fose negativa ou se incumpriron as medidas correctoras determinadas na mesma.

Non poderá presentarse a comunicación previa nin concederse licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

QUINTO. O procedemento para levar a cabo a concesión da licenza urbanística é o seguinte:

A. Presentándose a solicitude de licenza urbanística, achegando á mesma o correspondente proxecto completo redactado por técnico competente, será necesario informe técnico e xurídico dos Servizos Municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística. No informe técnico farase constar, ademais, se é necesario algún informe ou autorización doutra Administración ou da Comunidade Autónoma.

Consta o informe técnico favorable e nel sen fan as referencias á necesidade ou non de afeccións sectoriais.

B. Cando sexan procedentes autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras Administracións Públicas, o Concello remitiralles o expediente completo para que emitan autorización.

C. Emitidos os informes preceptivos, corresponderá resolver sobre o outorgamento da licenza ao Alcalde, de conformidade o artigo 61.1 ou) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, en relación co artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o artigo 13 do Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro. **No caso presente está delegada na Xunta de Goberno local.**

D. A Resolución será notificada aos interesados aos efectos oportunos.

CUARTO. A modo de motivación do acordo de referencia, reproducése aquí parte do contido do informe do técnico municipal:

Primeiro. As obras proxectadas van encamiñadas a mellora da rede de evacuación de augas residuais do Sector Padrón R2. O devandito plan parcial foi aprobado definitivamente en data 03.06.1999 e a súa modificación puntual con aprobación definitiva de data 09.02.2004, resolvía a conexión da evacuación de augas residuais con unha canalización que, mediante bombeo, conectábase coa rede municipal que discorre pala marxe da estrada N-550, composta dita rede municipal por unha canalización de 200 mm. de diámetro. Este diámetro resulta bastante xusto para evacuación total que producirá o sector R2 no caso que este se ocupa na totalidade, de acordo coas previsións e usos para os cales se desenvolveu o Sector, se ben, a día de hoxe soamente se atopa edificado un bloque de 45 vivencias. Co fin de darlle un novo impulso ó Sector, a propiedade formúlase a necesidade de realizar unha conexión de reforzo da existente co obxectivo de mellorar a evacuación das augas residuais e reducir a sobrecarga na rede municipal existente. Por tanto, proxéctase unha rede secundaria da rede de evacuación do Sector R2, mediante a realización dun entronque na rede existente do Sector, para así, dende ese punto atravesar unha finca situada ó outro lado do regato de Abelendas, tora do Sector R2, e unha vez atravesada a devandita finca, alcanzar un camiño de Concentración Parcelaria (Vegas de Longais) ata chegar a ponte sobre o río Sar, cruzando este e conectar así coa rede de evacuación municipal que canta con un tubo de canalización de 300 mm. Desta maneira as actuacións propostas, a excepción do entronque na rede existente do Sector, proxéctanse para do Sector R2, sen que as obras proxectadas afecten ou modifiquen as previsións do Plan Parcial aprobado definitivamente en data 09.02.2004 (modificación puntual).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

A excepción do entronque a realizar sobre a rede existente no Sector R2, e o entronque novo na rede de evacuación municipal, as obras discorre por terras coa consideración de solo non urbanizable común (NU), coa consideración de solo rústico, de acordo ó apartado d) da Disposición transitoria primeira Réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Asemade, as obras solicitadas son autorizables de acordo ó establecido na devandita Lei do Solo, conforme o artigo 35, apartado m) xa que as obras proxectadas non implican urbanización ou transformación urbanística dos terras polos que discorren as obras proxectadas.

O trazado da canalización proxectada discorrerá por viais ou camiños existentes procedentes da concentración parcelaría da zona de "Vegas de Longais y Rosio" a excepción do tramo de conexión entre o camiño existe co Sector R2 onde se efectuará o entronque coa rede existente no Sector R2, separados por unha finca de titularidade privada con referencia catastral asignada 15066A063000890000ZK e o regato de Abelendas. A efectos do paso da canalización de evacuación de augas residuais constitúese unha servidume de paso a través da finca de titularidade privada, co fin de conseguir enlazar a rede de evacuación proxectada coa rede existente dentro do Sector R2, para o cal é preciso o paso a través da devandita finca, así como o regato de Abelendas. Achégase no proxecto, integrando o anexo 8 do mesmo, copia de contrato privado de constitución de servidume de paso.

Segundo. As obras solicitadas cantan coas autorizacións sectoriais previos ó outorgamento da licenza de obras da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), Augas de Galicia e da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, respectivamente, ó atoparse as obras na zona de policía e no Jeito dos ríos Sar e regato de Abelendas, e a súa vez dentro do ámbito de afección da ordenanza de protección e conservación do Patrimonio Artístico e Cultural (PHAC) na zona de protección grao 11-2 de zona de respecto e dentro do ámbito declarado SIC (Ben de Interese Cultural) defino no PXOU de Padrón, na categoría de Paraxe Pintoresca conforme ó Real Decreto 3266/ 1977, do 11 de novembro, polo que se declara paraxe pintoresca o entorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín da Vila de Padrón.

Terceiro. A solicitude de licenza ven a dar cumprimento ao establecido no artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, asemade o proxecto que acompaña á solicitude de licenza ven dar cumprimento ao recollido no artigo 143.3 da devandita Lei, e define as actuacións a realizar con suficiente contido e detalle que permite coñecer o obxecto das mesmas permitindo comprobar que estas se axustan á normativa urbanística de aplicación, adquirindo o devandito documento presentado o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo. Asemade, o proxecto xustifica a normativa de aplicación, canta con un estudio de valoración e identificación de aspectos ambientais e recomendacións para a redución dos impactos ambientais, estudio de xestión de residuos de construción e demolición e estudio básico de seguridade e saúde.

Cuarto. Procede informar favorablemente as obras solicitadas sendo estas compatibles e autorizables respecto ao establecido polo PXOU de Padrón, quedando a solicitude de licenza incluída dentro do tipo 2 das Normas de Tramitación recollidas no PXOU do Concello de Padrón ó referirse a licenzas para obras de nova urbanización, establecemento de servizos ou modificación dos que xa existen. Sen ben, previo o outorgamento da licenza para a execución das obras se condiciona á necesidade dun depósito de fianza ou aval previo pola cantidade de 10.410,37 €, ao verse afectado para a execución das mesmas a ocupación e afectación de servizos de carácter público. Deberase designar o técnico director das obras e aportarse copia de escritura de elevación ó público e inscrición no Rexistro da Propiedade do correspondente Dereito que constitúe na finca de titularidade privada, conforme consta na cláusula oitava do contrato privado de constitución de servidume de paso para o acceso a rede xeral.

Visto que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación, a Xunta de Goberno Local desta Entidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Outorgar, a licenza de obra de acordo coas consideracións que a continuación se sinalan:

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

Nome ou razón social do promotor: José Quiroga Díaz en representación de "Promociones Inmobiliarias Riberas del Sar S.L

Técnico autor do proxecto e Director das obras: pendente de designación

Situación ou emprazamento das obras: Iria Flavia, Padrón

Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: obras de mellora e adecuación de rede de evacuación de augas residuais do sector padrón R2, Iria Flavia

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: olo non urbanizable común (NU), coa consideración de solo rústico, de acordo ó apartado d) da Disposición transitoria primeira Réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento da L.S.G.

Contía en que se orzan as obras: 104.103,65 euros (sen IVE).

Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes, establécese para concesión da licenza os parámetros particulares establecidos no informe técnico, e os parámetros recollidos no proxecto técnico que integra o expediente.

Empresa contratista das obras: pendente de designación.

Prazo de inicio das obras: 6 meses desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo.

Prazo de finalización das obras: 36 meses, sen interrupción das obras por tempo superior a 6 meses.

Outras consideracións:

As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico e ás Memorias presentados xunto coa solicitude e ás Normas de plan vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no Plan/estudo de seguridade.

No curso de execución das obras adoptaranse as medidas previstas na lexislación en materia de seguridade e saúde no traballo. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal. A estes efectos, a notificación do acordo de concesión de licenza considérase a licenza.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos interesados aos efectos oportunos.

exp. 2017/G006/000294

2.5 COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE COLOCACIÓN DE TELLA, ARRANXO, LIMPEZA E PINTADO DE FACHADAS DE VIVENDA SITA NO LUGAR DE PALOMAR DE ABAIXO Nº 1, FORMULADA POR D^a. CARMEN QUINTÁ GARCÍA, EXPEDIENTE 166/2016/CP

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 23 de setembro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8190, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de colocación de tella, arranxo, limpeza e pintado de fachadas de vivenda sita no Lugar de Palomar de Abaixo nº 1, con referencia catastral 8209908NH2370N0001SD, formulada por D^a. Carmen Quintá García. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, datos catastrais e fotografías.

Segundo. En data 4 de outubro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús require a presentación de documentación adicional necesaria para a tramitación do expediente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Terceiro. En data 21 de outubro de 2016 ten entrada no Concello oficio da Demarcación de estradas do Estado en Galicia, Ministerio de Fomento, requirindo informe municipal para solicitude de autorización sectorial para as obras obxecto do expediente.

Cuarto. En data 13 de febreiro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite o informe técnico requirido en senso favorable.

Quinto. En data 14 de febreiro de 2016 remítese oficio á Demarcación de estradas do Estado en Galicia, Ministerio de Fomento, adxuntando o informe técnico municipal.

Sexto. En data 24 de agosto de 2017 a interesada achega documentación adicional consistente en resolución de data 14 de agosto de 2017 da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, favorable ás obras autorizadas.

Sétimo. En data 25 de agosto de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Oitavo. En data 8 de setembro de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de colocación de tella, arranxo, limpeza e pintado de fachadas de vivenda sita no Lugar de Palomar de Abaixo nº 1, con referencia catastral 8209908NH2370N0001SD. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituindo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Segundo. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa. Retirada de 60 m2 de tella, limpeza das chapas do tellado onde se asentaba a tella vella e posterior renovación do material de cubrición do tellado a base de tella nova curva do país. Picado de 30 m2 de recebo exterior para volver a recebar, lavado con auga a presión duns 220 m2 de superficie de fachada e posterior pintado en cor branca, coa consideración de obras de conservación e mantemento do inmovible actual.

1. Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
2. Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriales cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta no expediente resolución de data 14 de agosto de 2017 da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, favorable ás obras autorizadas. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal, outras autorizacións sectoriais para a intervención pretendida.
3. Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.
4. Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL E TERCARIO EN EDIFICACIÓN ABERTA (URTA), conforme o PXOM do Concello de padrón, ao que se lle aplica o disposto para o SOLO URBANO CONSOLIDADO na Lei do Solo de Galicia segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Terceiro. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Cuarto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase como solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

“A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.”

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.”

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Quinto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Sexto. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que substitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 23 de setembro de 2016, asinada por D^a. CARMEN QUINTÁ GARCÍA, para obras de colocación de tella, arranxo, limpeza e pintado de fachadas de vivenda sita no Lugar de Palomar de Abaixo nº 1, con referencia catastral 8209908NH2370N0001SD, expediente 166/2016/CP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Cuarto. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Quinto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Sexto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

exp. 2017/G006/000295

2.6 COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO INTERIOR DE CAFÉ BAR SITO NA RÚA PÉRSICO Nº 3, FORMULADA POR D. JORGE ALBERTO LOIS MARTÍNEZ, EXPEDIENTE 26/2017/ITP

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 14 de febreiro de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 1267, formulario de comunicación previa de obras e usos do solo e subsolo non sometidos a licenza municipal para obras de acondicionamento interior de café bar sito na rúa Pérsico nº 3, con referencia catastral 7819702NH2371N0001HU, formulada por D. Jorge Alberto Lois Martínez.

Segundo. En data 24 de febreiro de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 1632, solicitude de informe técnico previo e tramitación de autorización sectorial por afección en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia para as obras solicitadas, achegando memoria técnica de acondicionamento de café bar redactada e asinada polo arquitecto D. Ignacio Piñeiro de la Torre.

Terceiro. En data 6 de marzo de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite requirimento de documentación adicional necesaria para a tramitación do expediente.

Cuarto. En data 6 de marzo de 2017 remítese requirimento ao interesado da documentación referida polo arquitecto técnico municipal.

Quinto. En data 8 de marzo de 2017 o solicitante achega novo formulario facendo referencia á documentación achegada en data 24 de febreiro de 2017.

Sétimo. En data 7 de abril de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa as obras solicitadas referindo a necesidade de contar con autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico.

Oitavo. En data 11 de abril de 2017 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos efectos de obter a correspondente autorización sectorial, acompañando copia do expediente administrativo.

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

Noveno. En data 10 de xullo de 2017 ten entrada no Concello comunicación de resolución da Dirección Xeral de de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 5 de xullo de 2017, favorable ás obras solicitadas con certas condicións.

Décimo. En data 19 de xullo de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6110, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para as obras obxecto do informe, achegando anexo á memoria presentada para introducir as emendas derivadas da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Décimo primeiro. En data 24 de agosto de 2017 o interesado achega novo orzamento para adaptar a cor do pintado do inmovible ás condicións determinadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Décimo segundo. En data 28 de agosto de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa comunicación previa presentada.

Décimo terceiro. En data 19 de xullo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A solicitude de emisión de informe técnico previo para tramitación da autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia ven determinada pola entrada en vigor da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, que modificou a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

Esta modificación veu a introducir unha dualidade de sistemas ou tramitacións para a obtención dun título habilitante municipal de natureza urbanística. Así, para as obras de certa entidade que requirisen da redacción dun proxecto técnico completo asinado por técnico competente se mantivo o ata entón único sistema de licenza urbanística previa, pero para as obras denominadas comúnmente menores, de escasa entidade e sinxeleza técnica, se determina a aplicación do procedemento de comunicación previa de obras.

Este sistema exige que se presente a comunicación previa para as obras cunha antelación de 15 días hábiles acompañando a mesma da documentación necesaria para que por parte dos servizos técnicos municipais se perciba claramente a intervención a realizar, así coma as autorizacións sectoriais que sexan necesarias para a intervención.

Isto plantexa un problema derivado da tramitación das autorizacións sectoriais en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia. O Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura tramita as devanditas autorizacións non a instancia dos promotores senón a través do Concello, e exige contar con informe técnico municipal favorable.

Desta forma, para poder obter a devandita autorización se articulou a nivel municipal un sistema de solicitude de emisión do referido informe nos casos en que as obras obxecto da comunicación previa están sometidas a algunha afección en materia de protección do patrimonio histórico que exige contar coa referida autorización ou informe sectorial previo, tramitándose ésta polo Concello e unha vez obtida completando a solicitude co formulario de comunicación previa, comezando nese momento o prazo para a toma de coñecemento ou a solicitude de emenda da comunicación.

Segundo. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de acondicionamento interior de café bar sito na rúa Périco nº 3, con referencia catastral 7819702NH2371N0001HU. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Terceiro. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Cuarto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

"A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civiles ou administrativas a que houbera lugar.

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un periodo de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Quinto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá percibirse ao declarante.

Sexto. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que substitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 3 de agosto de 2017, asinada por D. JOSÉ MARÍA FABEIRO BELLÓN, para obras de renovación de cuberta e colocación de fiestra en vivenda sita no Lugar de Agronovo S/N, Carcacía, con referencia catastral 2935906NH3323N0001FP, expediente 121/2017/CP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Cuarto. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Quinto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Sexto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

exp. 2017/G006/000299

2.9 COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE DE VENDA DE FROITA EN EDIFICACIÓN EXISTENTE SITA NO LUGAR DE A PICARAÑA, FORMULADA POR NARANJAS Y LIMONES SANTIAGO S.L., EXPEDIENTE 51/2013

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 16 de outubro de 2013 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8240, formularios de solicitude de licenza municipal de actividade de venda de froita en inmovible existente sito no Lugar de A Picaraña, formulada por NARANJAS Y LIMONES, S.L.

Segundo. En data 28 de xuño de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 5460, formulario de comunicación previa de inicio de actividade de comercio de froita en inmovible existente sito no Lugar de A Picaraña, formulada por NARANJAS Y LIMONES, S.L. Achégase coa solicitude proxecto de actividade redactado e asinado polo arquitecto técnico D. Javier Costoya Mosteiro.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Disposición transitoria primeira da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, que recolle expresamente a posibilidade de que no tocante ás solicitudes de licenzas e autorizacións presentadas antes da entrada en vigor da lei, os interesados poidan optar entre a continuación do procedemento ou a desistencia deste, acolléndose ao previsto nesta lei.

Segundo. Artigo 23 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en canto á supresión da necesidade de obtención de licenza previa de actividade para a implantación de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial.

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro. O procedemento de presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados nos artigos 24 e seguintes da lei 9/2013:

Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de tódolos requisitos técnicos e administrativos: Consta na memoria de actividade presentada.

Xustificante de pago dos tributos municipais: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Neste senso, a toma de coñecemento da comunicación previa presentada e polo tanto o recoñecemento por parte da administración da eficacia da mesma deberá vir condicionado suspensivamente a que por parte do interesado se achegue resguardo de pago dos tributos municipais de aplicación, circunstancia que deberá apercibirse expresamente ao interesado.

Declaración de que se cumpren tódolos requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico: Tal declaración expresa consta na memoria de actividade achegada.

Copia das restantes autorizacións e, de ser o caso, concesións administrativas cando sexan legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento: Non procede.

Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación: Consta no expediente proxecto de actividade redactado e asinado polo arquitecto técnico D. Javier Costoya Mosteiro.

A autorización ou declaración ambiental que proceda: A actividade solicitada non se atopa, conforme se expón no informe técnico municipal e na memoria de actividade, dentro das incluídas no ámbito obxectivo da avaliación ambiental de actividades, e a actividade a desenrolar, de acordo co proxecto presentado, non precisa de outras autorizacións ambientais, sen prexuízo de que, conforme o informe técnico municipal, se documenten na memoria de actividade as medidas correctoras necesarias para que a actividade se desenrole sen interferir no entorno.

As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade. Non se achega autorización sectorial algunha xa que conforme o proxecto técnico achegado a actividade non precisa de ningunha ao se tratar dunha actividade inocua.

Se for o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación e de conformidade municipal reguladas nesta lei: non procede.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 24.1 da Lei 9/2013.

Cuarto. De acordo así mesmo co establecido no artigo 25 da Lei 9/2013, a comunicación previa presentada cumprindo con tódolos requisitos constitúe un acto xurídico do particular que, de acordo coa lei, habilita para

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

o inicio da actividade ou a apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación, e faculta á administración pública para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Polo tanto, dado que non se considera neste punto examinada a documentación presentada, e sen prexuízo da veracidade do exposto na comunicación previa e no proxecto de actividade presentado, a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Quinto. A Lei do Solo de Galicia, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoiar un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre a actividade descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

“A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civiles ou administrativas a que houbera lugar.

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.”

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Sexto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Sétimo. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de actividade, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

PROPONE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 28 de xuño de 2017, formulada por NARANJAS Y LIMONES SANTIAGO S.L., para actividade de comercio de froita en inmovible existente sito no Lugar de A Picaraña, expediente 51/2013 conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio da actividade, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para o exercicio da actividade se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Cuarto. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Quinto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

3.- SOLICITUDES DE TARJETAS DE ACCESO RODADO ÁS PRAZAS DE GARAXE SITUADAS NA ZONA PEONIL.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

3.1. SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESO RODADO Á PRAZA DE GARAXE SITUADA EN RÚA SANTO DOMINGO, INSTADA POR BALDOMERO GRELA MAGARIÑOS, EXPTE. 029/2017-AZP.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 17 de xaneiro do 2017, co número de rexistro de entrada 424, don Baldomero Grela Magariños presenta solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe situada na rúa Santo Domingo, incluída na zona peonil do casco histórico de Padrón definida na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública. Achega coa solicitude copia compulsada do DNI e características técnicas e permiso de circulación dos vehículos con matrícula OU-3396-L, 9918-CKP, C-7087-CC e 1699-FRT.

Segundo. O 1 de febreiro do 2017 requírese á solicitante para que presente escritura de propiedade da praza de garaxe en cumprimento do establecido no artigo 33.2.b) da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública e para que cambie a súa solicitude dado que fai relación a 4 vehículos e o artigo 33.6 da devandita ordenanza establece que se concederá unha única tarxeta por praza de garaxe, con ata un máximo de 3 vehículos por tarxeta, e o 2 de febreiro preséntase esta. Igualmente fai unha nova solicitude para unha nova tarxeta de acceso a garaxe para o vehículo con matrícula OU-3396-L.

Terceiro. O 14 de febreiro solicítase informe á Policía Local sobre a petición presentada e o 24 de febreiro emítese. No mesmo faise constar que o garaxe forma parte do edificio número 14 da rúa Dolores que é de propiedade familiar e o mesmo carece de placa de vado. O 6 de marzo do 2017 expídese pola Tesoureira Municipal certificado acreditativo de que a solicitante non ten débedas pendentes en vía executiva co Concello de Padrón.

Cuarto. Na Xunta de Goberno Local celebrada o día 01 de xullo do 2017 acórdase denegar a don Baldomero Grela Magariños as tarxetas de acceso rodado ás prazas de garaxe solicitadas, por carecer o devandito inmovible de preceptiva licenza de vado.

Quinto. O 12 de xuño do 2017 don Baldomero Grela Magariños solicita a ocupación de terreos de dominio público para paso de vehículos -vado permanente- para o garaxe da súa propiedade, sito na rúa Santo Domingo. En data 27 de xullo do 2017 a Xunta de Goberno Local concede licenza de entrada e saída a través da vía pública no garaxe situado na rúa Santo Domingo e autorízalle a colocar unha vinal vertical de prohibición para estacionar co número 239.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o réxime aplicable ás tarxetas de acceso ás prazas de garaxe situadas na zona peonil recollido no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, segundo a modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 246, do 29 de decembro do 2017, e visto que a solicitude presentada cumpre co mesmo.

Segundo. Considerando o informado pola Policía Local cuxo contido é asumido neste acordo como motivación, en base ao artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder a don Baldomero Grela Magariños a Tarxeta número 105/2017 de acceso rodado á praza de garaxe situada na rúa Santo Domingo, cos vehículos matrícula 1699-FRT, C-7087-CC e 9918-CKP

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

e a Tarxeta número 106/2017 de acceso rodado á praza de garaxe situada na rúa Santo Domingo, co vehículo matrícula OU-3396-L, debendo seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

- Entrada: por praza Rodríguez Cobián.
- Saída: por rúa Santo Domingo cara rúa Real.

A persoa interesada poderá retirar as tarxetas nas oficinas xerais situadas na pranta baixa da Casa do Concello, rúa Longa, número 27, Padrón, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, previo pago da taxa establecida na Ordenanza fiscal número 4 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

Segundo. Lembrar que no uso da tarxeta concedida será necesario cumprir as seguintes condicións de carácter xeral previstas no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública:

“5. Os/as propietarios/as ou arrendatarios/as, cando circulen polo percorrido designado, deberán levar nun lugar visible do parabrisas a tarxeta que os habilita para circular polo citado percorrido da zona peonil. Non está permitido en ningún caso o estacionamento na rúa.

O Concello resérvase o dereito de esixir calquera outra documentación ou realizar de oficio cantas comprobacións considere oportunas para contrastar a veracidade da documentación achegada (...).

7. A persoa titular da tarxeta é responsable da súa utilización. En caso de perda por calquera motivo, poderá obter unha nova logo de presentar unha declaración xurada acreditando tal feito.

8. No suposto de variación das condicións expresadas na solicitude, coma cambio de vehículo ou titularidade do mesmo, a persoa interesada deberá solicitar un novo distintivo que emitirá o Concello logo das comprobacións oportunas. O/a solicitante, neste caso, entregará nas oficinas municipais a tarxeta de aparcamento que obtivera con anterioridade.

9. Se das comprobacións practicadas resultara que a persoa titular da tarxeta realiza un uso fraudulento da mesma ou que os datos presentados para a súa obtención fosen faseados, procederáse a retirada da tarxeta, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que corresponda. Se das actuacións practicadas se desprendera a existencia de indicios dun ilícito penal, remitiránse as mesmas ao órgano competente.

A anulación do distintivo por este motivo non dará dereito ao reembolso do prezo público abonado para a súa expedición.”

Terceiro. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o señor Alcalde.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo á Policía Local e á Tesourería Municipal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

3.2. SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESO RODADO Á PRAZA DE GARAXE SITUADA EN RÚA CORREDOIRA DA BARCA Nº 16, INSTADA POR MARÍA DEL CARMEN GESTOSO VÁZQUEZ, EXPTE. 028/2017-AZP.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 17 de xaneiro do 2017, co número de rexistro de entrada 423, dona María del Carmen Gestoso Vázquez presenta solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe situada na rúa Corredoira da Barca nº 16, incluída na zona peonil do casco histórico de Padrón definida na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública. Achega coa solicitude copia compulsada do DNI, copia da escritura de propiedade do inmovible, características técnicas e permiso de circulación do vehículo con matrícula C-6977-CF e xustificante de pagamento do Imposto de vehículos de tracción mecánica do 2015.

Segundo. O 1 de febreiro do 2017 requírese á solicitante para que presente o último recibo do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do vehículo en cumprimento do establecido no artigo 33.2.d) da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, e o mesmo día 1 de febreiro preséntase este xustificante.

Terceiro. O 14 de febreiro solicítase informe á Policía Local sobre a petición presentada e o 24 de febreiro emítase. No mesmo faise constar que o garaxe do edificio situado no número 16 da rúa Corredoira da Barca está situado na pranta baixa do mesmo. Que o citado inmovible se encontra en estado de ruína e descoñécese si no interior está apto para o estacionamento de vehículos e que o mesmo carece de placa de vado. O 6 de marzo do 2017 expídese pola Tesoureira Municipal certificado acreditativo de que a solicitante non ten débedas pendentes en vía executiva co Concello de Padrón.

Cuarto. Na Xunta de Goberno Local celebrada o día 01 de xullo do 2017 acórdase denegar a dona María del Carmen Gestoso Vázquez a tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe solicitada, por carecer o devandito inmovible de preceptiva licenza de vado.

Quinto. O 12 de xuño do 2017 dona María del Carmen Gestoso Vázquez solicita a ocupación de terreos de dominio público para paso de vehículos -vado permanente- para o garaxe da súa propiedade, sito na rúa Corredoira da Barca nº 16. En data 27 de xullo do 2017 a Xunta de Goberno Local concede licenza de entrada e saída a través da vía pública no garaxe situado no nº 16 da rúa Corredoira da Barca e autorízalle a colocar unha vinal vertical de prohibición para estacionar co número 238.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o réxime aplicable ás tarxetas de acceso ás prazas de garaxe situadas na zona peonil recollido no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, segundo a modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 246, do 29 de decembro do 2017, e visto que a solicitude presentada cumpre co mesmo.

Segundo. Considerando o informado pola Policía Local cuxo contido é asumido neste acordo como motivación, en base ao artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

Primeiro. Conceder a dona María del Carmen Gestoso Vázquez a Tarxeta número 107/2017 de acceso rodado á praza de garaxe situada na rúa Corredoira da Barca nº 16, co vehículo matrícula C-6977-CF, debendo seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

- Entrada: por praza Rodríguez Cobián.
- Saída: por praza Rodríguez Cobián ou a través da rúa Santo Domingo.

A persoa interesada poderá retirar a tarxeta nas oficinas xerais situadas na pranta baixa da Casa do Concello, rúa Longa, número 27, Padrón, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, previo pago da taxa establecida na Ordenanza fiscal número 4 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

Segundo. Lembrar que no uso da tarxeta concedida será necesario cumprir as seguintes condicións de carácter xeral previstas no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública:

“5. Os/as propietarios/as ou arrendatarios/as, cando circulen polo percorrido designado, deberán levar nun lugar visible do parabrisas a tarxeta que os habilita para circular polo citado percorrido da zona peonil. Non está permitido en ningún caso o estacionamento na rúa.

O Concello resérvase o dereito de esixir calquera outra documentación ou realizar de oficio cantas comprobacións considere oportunas para contrastar a veracidade da documentación achegada (...).

7. A persoa titular da tarxeta é responsable da súa utilización. En caso de perda por calquera motivo, poderá obter unha nova logo de presentar unha declaración xurada acreditando tal feito.

8. No suposto de variación das condicións expresadas na solicitude, coma cambio de vehículo ou titularidade do mesmo, a persoa interesada deberá solicitar un novo distintivo que emitirá o Concello logo das comprobacións oportunas. O/a solicitante, neste caso, entregará nas oficinas municipais a tarxeta de aparcamento que obtivera con anterioridade.

9. Se das comprobacións practicadas resultara que a persoa titular da tarxeta realiza un uso fraudulento da mesma ou que os datos presentados para a súa obtención fosen faseados, procederáse a retirada da tarxeta, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que corresponda. Se das actuacións practicadas se desprendera a existencia de indicios dun ilícito penal, remitiránse as mesmas ao órgano competente.

A anulación do distintivo por este motivo non dará dereito ao reembolso do prezo público abonado para a súa expedición.”

Terceiro. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o señor Alcalde.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo á Policía Local e á Tesourería Municipal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

3.3 SOLICITUDE DE TARXETAS DE ACCESO RODADO ÁS PRAZAS DE GARAXE Nº 2 e 3 SITUADAS EN RÚA REAL (EDIFICIO CAMELIAS), INSTADA POR MANUEL URBANO BAÑA PORTO, EXPTE. 214/2017-AZP.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 1 de marzo do 2017, co número de rexistro de entrada 1744, don Manuel Urbano Baña Porto presenta solicitude de tarxetas de acceso rodado ás prazas de garaxe nº 2 e 3 situadas na rúa Real (edificio Camelias), incluída na zona peonil do casco histórico de Padrón definida na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública. Achega coa solicitude copia compulsada do DNI, do título de propiedade das prazas de garaxe, permiso de circulación do vehículo con matrícula 1285-DJH e recibos acreditativos do pagamento dos Impostos de vehículos de tracción mecánica do 2016.

Segundo. O 12 de maio do 2017 faise requirimento a don Manuel Urbano Baña Porto para que complete a documentación presentada, sendo aportada o 16 de maio de 2017, con número de rexistro de entrada 4190.

Terceiro. O 29 de maio de 2017 solicítase informe á Policía Local sobre a solicitude presentada e o 5 de xuño emítese. No mesmo non se observa obstáculo algún á concesión e faise constar que o garaxe está sinalizado coa placa de vado nº 54 e que o vehículo deberá seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

- Entrada: por rúa Real (Norte).
- Saída: por rúa Real (Sur).

Cuarto. O 1 de setembro do 2017 expídese pola Tesoureira Municipal certificado acreditativo de que o solicitante non ten débedas pendentes en vía executiva co Concello de Padrón.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o réxime aplicable ás tarxetas de acceso ás prazas de garaxe situadas na zona peonil recollido no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, segundo a modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 246, do 29 de decembro do 2017, e visto que a solicitude presentada cumpre co mesmo.

Segundo. Considerando o informado pola Policía Local cuxo contido é asumido neste acordo como motivación, en base ao artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder a don Manuel Urbano Baña Porto as Tarxetas número 108/2017 e 109/2017 de acceso rodado ás prazas de garaxe nº 2 e 3 situadas na rúa Real (edificio Camelias), cos vehículos matrícula 1285-DJH e 8287-GGW, respectivamente, debendo seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

- Entrada: por rúa Real (Norte).
- Saída: por rúa Real (Sur).

Segundo: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que se pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.3 GRATIFICACIÓN MACEIROS POLA CELEBRACIÓN DO DÍA DE PADRÓN EN SANTIAGO.

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Visto o informe do Concelleiro delegado de Festexos do Concello de Padrón, de data 23 de agosto de 2017, acreditando a realización de servizos extraordinarios polo persoal funcionario e laboral que a continuación se determina en calidade de maceiros, o día 26 de xullo de 2017, pola celebración do día de Padrón en Santiago con motivo da festividade de Santiago Apóstol, propoñendo a retribución dos mesmos cunha cantidade a tanto alzado de 42,00 euros/día para cada un deles:

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

1. Don José Cabo Rabuñal
2. Don Antonio Pequeno Comojo
3. Don José Luis Díaz Gómez

Segundo: Visto o informe da Intervención municipal de data 23 de xullo de 2017.

Fundamentos de dereito:

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencia na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aproba-la retribución extraordinaria que corresponde ao seguinte persoal polos servizos prestados en calidade de maceiros o día 26 de xullo de 2017, pola celebración do día de Padrón en Santiago con motivo da festividade de Santiago Apóstol, por un importe total de 84,00 €, con cargo á partida orzamentaria 454/131.00 e 42,00 € con cargo á partida orzamentaria 163/151.00.

-Don José Cabo Rabuñal	42,00 Euros
-Don Antonio Pequeno Comojo	42,00 Euros
-Don José Luis Díaz Gómez	42,00 Euros

SEGUNDO: A súa inclusión na correspondente nómina.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.4 GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PORTEIRO DON JUAN JAMARDO PÉREZ.

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Vista a declaración responsable do porteiro, don Juan Jamardo Pérez, dos desprazamentos realizados con utilización do seu vehículo particular para ir A Coruña o día 7 de agosto de 2017, para levar a Deputación as tarxetas do empregado público para a súa renovación, co visto e praxe do Alcalde.

Segundo: Visto o informe da Intervención Municipal de data 1 de setembro de 2017.

Terceiro: Considerando que existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 920/231.20 do orzamento vixente e que se fixo a oportuna retención de crédito.

Fundamentos de dereito:

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
 CIF P1506600D
 Rúa Longa, 27
 15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
 Tfl: 981 81 04 51
 Fax: 981 81 15 50

PRIMEIRO: Aproba-la indemnización relativa aos gastos de locomoción nos que incorreu o porteiro don Juan Jamardo Pérez, con motivo dos desprazamentos realizados con utilización do seu vehículo particular para ir A Coruña o día 7 de agosto de 2017, para levar a Deputación as tarxetas do empregado público para a súa renovación, por importe de € e recoñecer a súa obriga con cargo á aplicación orzamentaria 920/231.20 do orzamento vixente prorrogado para o 2017, segundo o seguinte detalle:

DATA	LUGAR	MOTIVO SAÍDA	KILÓMETROS	Peaxe	Estacionamento	Total
07/08/17	A Coruña	Levar a Deputación as tarxetas de empregado público para a súa renovación	180 Kms x 0,19 € = 34,20€	12,50 €	2,80 €	49,50 €

SEGUNDO: Ordenar o pago dos gastos de locomoción nos que incorreu o porteiro, don Juan Jamardo Pérez, con motivo do desprazamento realizado por importe de 49,50 €.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.5 XUSTIFICACIÓN DO PAGO A XUSTIFICAR CONCEDIDO AO XARINEIRO DON RICARDO JOSÉ LÓPEZ PAZ PARA GASTOS REVISIÓN ITV VEHÍCULO 2928CNV.

Antecedentes administrativos:

Primeiro: Vista a xustificación do pago a xustificar solicitado polo xardineiro don Ricardo José López Paz, por importe de 50,00 €, para atender a gastos derivados da revisión da ITV do vehículo 2928CNV aprobado por Resolución da Alcaldía nº 525/2017, de 24 de xullo e cuxa xustificación se presentou o 23 de agosto de 2017, con NRE 6823.

Segundo: Visto o informe de fiscalización da Intervención Municipal de data 23 de agosto de 2017.

Tercero. Considerando que se xustificou o pagamento das facturas xustificativas do devandito pago a xustificar.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Considerando que queda debidamente xustificada a aplicación dos fondos entregados en concepto de pago a xustificar, de conformidade co disposto na base nº 19 das de execución do orzamento en vigor.

Segundo: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aproba-la xustificación rendida do pago a xustificar concedido ao xardineiro don Ricardo José López Paz, aprobado por Resolución da Alcaldía nº 525/2017 de 24 de xullo, para atender a gastos derivados da revisión da ITV do vehículo 2928CNV, por importe de 46,93 €, procedendo á devolución da cantidade de 3,07 €, segundo o seguinte detalle:

FACTURA Nº	PROVEDOR	IMPORTE
------------	----------	---------

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

151217FC0001987	SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A.	46,93 €
TOTAL		46,93 €

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.6 CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS PARA FOMENTAR UNHA ACTIVIDADE OU INTERESE MUNICIPAL NO ANO 2017.

Antecedentes administrativos:

Primeiro: Vista a proposta da Concelleira delegada de cultura de 22/08/2017 de incoación do procedemento para proceder á convocatoria pública de subvencións municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade ou interese municipal no ámbito cultural, deportivo e de festexos populares neste exercicio 2017.

Segundo: Vista a proposta de bases redactada.

Terceiro: Visto o informe da Interventor de fiscalización das devanditas bases de data 23/08/2017.

Fundamentos de Dereito:

Visto que en aplicación do disposto na base nº 43 de execución do orzamento en vigor o órgano competente para aprobar as bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade ou interese municipal no ano 2017, así coma para resolver sobre a concesión ou denegación das subvencións é a Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A DOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar as bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade ou interese municipal no ámbito cultural, deportivo e de festexos populares neste exercicio 2017 co seguinte tenor literal:

<<BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS PARA FOMENTAR UNHA ACTIVIDADE OU INTERESE MUNICIPAL. ANO 2017.

1.- DISPOSICIONS XERAIS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello de Padrón para a prestación de servizos ou a realización de actividades que complementen ou suplan aos atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses peculiares do Municipio.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento das subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define na base nº 43 de execución do orzamento en vigor.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

2.- OBXECTO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os seus destinatarios realicen as actividades seguintes:

2.1.- *Promoción de actividades culturais e deportivas:* enténdense por elas actividades tales coma celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, excursións, eventos musicais, eventos deportivos, encontros, conferencias, estudos, competicións, campionatos, e, en xeral, calquera actividade de conservación, promoción e divulgación dos valores culturais e deportivos.

2.2.- *Promoción de festexos populares:* as axudas deste apartado cofinanciarán actividades de carácter festivo realizadas por entidades cidadás, que teñan carácter tradicional e cultural, e con posibilidade de acceso ao público en xeral, sen pago de entrada.

O gasto derivado das subvencións outorgadas imputarase á aplicación orzamentaria 334/480.01 do orzamento xeral vixente para o exercicio económico 2017 e quedará limitado polo crédito existente na mesma por importe de 9.000,00 euros.

Serán actividades subvencionables, ao abeiro das presentes bases, aquelas levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos concedidos en concepto de subvención e a aprobación pola Xunta de Goberno Local da conta xustificativa presentada polos beneficiarios.

Non serán subvencionables investimentos reais, sendo o obxecto das subvencións reguladas nestas bases a colaboración nos gastos de organización e desenvolvemento de actividades concretas. Así, tampouco teñen a consideración de subvencionables os gastos de mantemento ordinario (teléfono, auga, luz, gas, etc...) nin os gastos de bebidas alcohólicas nin tabaco. Asimesmo, tampouco poden ser obxecto de subvención aquelas actividades xa suxeitas a un convenio de colaboración co Concello, nin as que recibisen outro tipo de achega municipal. Tampouco serán gastos subvencionables as cantidades satisfeitas ao Concello de Padrón polo uso das súas instalacións deportivas ou culturais.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, superen o custo da actividade subvencionada.

3.- BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes bases as persoas ou entidades públicas ou privadas xurídicamente constituídas, así coma as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados coma subvencionables, e que cumpran as seguintes condicións:

- carecer de fins de lucro
- desenvolver as súas actividades no termo municipal
- non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Padrón
- non estar incursas en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da LXS.

Ademáis, salvo no caso das agrupacións sen personalidade xurídica, será requisito para a concesión da subvención, estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Padrón.

4.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

4.1.- PRAZO: As solicitudes deberán presentarse no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao da exposición das presentes bases no taboleiro de anuncios do Concello e da súa publicación na páxina web municipal www.padron.gal

4.2.-LUGAR: Rexistro xeral de entrada do Concello de Padrón.

4.3.- DOCUMENTACIÓN:

1) *Solicitud, segundo modelo normalizado que se facilitará polo Concello, asinada polo presidente da Entidade ou por quen teña conferida a delegación e acompañada da fotocopia compulsada do DNI. En dita solicitude será preciso incluír o programa detallado da actividade ou servizo para o que se solicita a subvención, así coma o orzamento desglosado da actividade a realizar ou xa realizada. A solicitude de subvención non poderá superar o 80% do orzamento de gastos previsto ou realizado.*

2) *No caso de agrupacións sen personalidade xurídica (como as comisións de festas), a solicitude de subvención deberá ser presentada por unha persoa física nomeada polos membros da mesma no modelo normalizado que se facilitará polo Concello. Para a comprobación deste extremo esixírase acompañar a solicitude de copia compulsada da acta constitutiva da agrupación, subscrita por todos os seus integrantes, onde se autorice á persoa que insta a axuda a cumprimentar os seus trámites, a percibir as cantidades concedidas coma subvención e a xustificar a mesma. Ademais, deberán constar os compromisos de execución asumidos por cada un dos membros, e copia compulsada dos DNI de cada un deles.*

3) *Declaración de se lles foi concedida algunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera Administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.*

4) *Copia compulsada do CIF da entidade (excepto para o caso de agrupacións sen personalidade xurídica).*

5) *Declaración responsable de non estar a Asociación incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da LXS.*

6) *Declaración responsable de que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Administración Estatal, Autonómica e Local e coa Seguridade Social, en cumprimento do disposto no artigo 24 do RD 887/2006 de 21 de xullo.*

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirírase a corrección ou rectificación no prazo máximo de tres días hábiles, arquivándose o expediente sen máis trámites de non efectuarse a mesma.

5.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO

5.1.- Subvencións para actividades culturais e deportivas: cada solicitude poderá obter 10 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

a) *en función do número de persoas beneficiado directamente polo conxunto das actividades programadas: 3 puntos como máximo.*

b) *en función do carácter continuo e non simplemente ocasional, das actividades programadas: 3 puntos como máximo.*

c) *en función do número de actividades concretas realizadas: 0,20 puntos por cada actividade, cun máximo de 4 puntos.*

5.2.- Subvencións para festexos populares: cada solicitude poderá obter 10 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

a) *en función do número de veciños da parroquia: 4 puntos como máximo*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

b) en función do número de días de duración da festa patronal: 4 puntos como máximo.

c) en función do número de actividades concretas a realizar: 0,20 puntos por cada actividade, cun máximo de 2 puntos.

En base aos criterios anteriormente expostos, a Comisión de Valoración establecerá, para cada unha das categorías de subvención, e dacordo coa puntuación obtida por cada solicitante, unha orde de puntuación. A proposta de concesión de subvención aos diferentes solicitantes deberá ter carácter proporcional coa puntuación obtida polos mesmos, de modo que, a maior puntuación, maior será a contía da subvención.

6.- PROPOSTA DE SUBVENCÍONS

A Comisión de Valoración de subvencións procederá a formular a proposta de concesión de subvencións segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A Comisión de Valoración terá a seguinte composición:

PRESIDENTE: O Alcalde ou membro da Corporación en quen delegue

VOGAIS: A Concelleira delegada de cultura

O Concelleiro delegado de deportes

A animadora Social Municipal

A animadora cultural Municipal

Administrativa do departamento de Intervención

SECRETARIO: José Marcelino Rivera Rarís.

SECRETARIA SUBSTITUTA: María Josefa Fernández Dopazo

A Comisión de Valoración poderá recabar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións.

7.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS

Unha vez efectuada a proposta de concesión de subvencións pola Comisión de Valoración, esta será fiscalizada pola Intervención Municipal.

Tras a súa fiscalización, elevarase dita proposta á Xunta de Goberno Local, órgano competente para conceder e denegar as subvencións mediante acordo expreso no que se especifique a relación de solicitantes aos que se lles conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes.

O prazo máximo para resolver será o 15 de novembro de 2017.

O outorgamento das subvencións notificarase aos interesados dacordo co establecido nos artigos 40, 42 e 43 da Lei 39/2015. A resolución de concesión farase pública tamén mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios do Concello.

Tendo en conta que a obtención concorrente de subvencións doutras entidade públicas ou privadas en ningún caso poderá superar o custo da actividade, de ser así, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión.

8.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os beneficiarios das subvencións terán que cumprir as seguintes obrigas:

1. *Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamentou a concesión da axuda dacordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente para os fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.*
2. *Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando para elo canto información lles sexa requerida.*
3. *Facer constar, naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, que as mesmas contan coa subvención do Concello de Padrón.*
4. *Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.*
5. *Xustificar o gasto realizado improrrogablemente como data límite o 1 de decembro de 2017, dacordo co previsto na base seguinte.*

9.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación farase baixo a responsabilidade do declarante e deberá presentarse no Rexistro xeral de entrada do Concello, improrrogable como data límite o 15 de decembro de 2017. Deberá presentarse a documentación da conta xustificativa simplificada que se une como anexo ás presentes bases e que será facilitada no Concello, á que se unirá a seguinte documentación:

1) Certificación bancaria do número de conta a nome da entidade beneficiario no que debe facerse o ingreso da subvención.

2) facturas orixinais ou outros documentos de valor probatorio equivalente e con validez no tráfico xurídico mercantil que acrediten os gastos realizados e que deberán de importar, como mínimo, a contía da subvención concedida. Nas devanditas facturas deberá facerse constar unha dilixencia que acredite que as mesmas se utilizan para xustificar a subvención concedida polo Concello de Padrón.

Unicamente serán subvencionables os gastos que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realizaran no prazo establecido.

O pagamento da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificadas totalmente os gastos realizados. No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, por acordo da Xunta de Goberno Local iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso.

10.- REINTEGRO DAS SUBVENCIONES

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarios, constituirán causa determinante para a revocación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos, dará lugar á cancelación da subvención e a obriga de reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

11.- COMPATIBILIDADE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

As presentes subvencións serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de calesquera outra Administración Pública ou ente público ou privado.

12.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto no Título IV da LXS.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na LXS, así coma na base nº 43 de execución do orzamento en vigor.>>

Segundo: Ordenar a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal www.padron.gal e abrir o prazo de presentación de solicitudes.

5.7 CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CAMILO JOSÉ CELA.

Vista a providencia da Concelleira delegada de cultura de 23/8/2017 de incoación do procedemento para outorgar unha subvención directa á **Fundación Pública Galeja Camilo José Cela** xunto a que se achega borrador do Convenio de colaboración entre o Concello de Padrón e a devandita Asociación.

Visto o informe da Intervención accidental de 23/8/2017 de fiscalización do expediente.

Considerando que as deficiencias postas de manifesto pola intervención accidental non deben ser óbice para a tramitación do presente expediente de subvención nominativa, sen prexuízo de que sexan subsanadas con carácter previo á aprobación da xustificación da subvención, coa presentación da correspondiente documentación, non aprobándose en caso contrario e procedendo á revogación da subvención concedida.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Conceder unha subvención á **Fundación Pública Galeja Camilo José Cela**, actuando como representante nas súas relacións co Concello Dña. Covadonga Rodríguez del Corral, con D.N.I.44812359-X, a cal subscribirá o convenio e asumirá a tarefa de xustificación da subvención nos termos previsto no mesmo por importe de 19.200,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 334/480.00.

SEGUNDO: Aprobar o Convenio de acordo co modelo presentado pola Concelleira delegada de Cultura, a través do cal se articulará a presente subvención, así como proceder á sinatura do mesmo polo representante da Asociación e polo Sr. Alcalde-Presidente.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ó interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.8 CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE PADRÓN.

Vista a providencia da Concelleira delegada de Comercio de 23/08/2017 de incoación do procedemento para outorgar unha subvención directa á **Asociación de empresarios de Padrón**, xunto a que se achega borrador do Convenio de colaboración entre o Concello de Padrón e a devandita Asociación.

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

Visto o informe da Intervención accidental de 23/08/2017 de fiscalización do expediente.

Considerando que as deficiencias postas de manifesto pola intervención accidental non deben ser óbice para a tramitación do presente expediente de subvención nominativa, sen prexuízo de que sexan subsanadas con carácter previo á aprobación da xustificación da subvención, coa presentación da correspondiente documentación, non aprobándose en caso contrario e procedendo á revogación da subvención concedida.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Conceder unha subvención á **Asociación de Empresarios de Padrón**, actuando como representante nas súas relacións co Concello Dona María Josefa Calvo Tarrío a cal subscribirá o convenio e asumirá a tarefa de xustificación da subvención nos termos previsto no mesmo por importe de 1.600,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 433/480,00.

SEGUNDO: Aprobar o Convenio de acordo co modelo presentado pola concelleira delegada de comercio a través do cal se articulará a presente subvención, así como proceder á sinatura do mesmo polo representante da Asociación e polo Sr. Alcalde-Presidente.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ó interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.9 CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á COMISIÓN DE FESTAS DO PEMENTO DE HERBÓN.

Vista a providencia da Concelleira delegada de cultura do 23/08/2017 de incoación do procedemento para outorgar unha subvención directa á Comisión de Festas do Pemento de Herbón, xunto a que se achega borrador do Convenio de colaboración entre o Concello de Padrón e a devandita Asociación.

Visto o informe da Intervención municipal de 23/08/2017 de fiscalización do expediente .

Considerando que as deficiencias postas de manifesto pola intervención Municipal non deben ser óbice para a tramitación do presente expediente de subvención nominativa, sen prexuízo de que sexan subsanadas con carácter previo á aprobación da xustificación da subvención, coa presentación da correspondiente documentación, non aprobándose en caso contrario e procedendo á revogación da subvención concedida.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Conceder unha subvención á Comisión de Festas do Pemento de Herbón, actuando como representante nas súas relacións co Concello D. Alejandro Ferro Suárez, con D.N.I. 45860696-F, o cal subscribirá o convenio e asumirá a tarefa de xustificación da subvención nos termos previsto no mesmo por importe de 1.440,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 334/480.00.

SEGUNDO: Aprobar o Convenio de acordo co modelo presentado pola Concelleira delegada de Cultura, a través do cal se articulará a presente subvención, así como proceder á sinatura do mesmo polo representante da Asociación e polo Sr. Alcalde-Presidente.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ó interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.10 CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO.

Vista a providencia da Concelleira delegada de cultura do 23/08/2017 de incoación do procedemento para outorgar unha subvención directa á **Fundación Rosalía de Castro**, xunto a que se achega borrador do Convenio de colaboración entre o Concello de Padrón e a devandita Asociación.

Visto o informe da Intervención accidental de 23/08/2017 de fiscalización do expediente.

Considerando que as deficiencias postas de manifesto pola intervención accidental non deben ser óbice para a tramitación do presente expediente de subvención nominativa, sen prexuízo de que sexan subsanadas con carácter previo á aprobación da xustificación da subvención, coa presentación da correspondente documentación, non aprobándose en caso contrario e procedendo á revogación da subvención concedida.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Conceder unha subvención á **Fundación Rosalía de Castro**, actuando como representante nas súas relacións co Concello don Anxo Angueira Vitorro con D.N.I. 76515135-T, o cal subscribirá o convenio e asumirá a tarefa de xustificación da subvención nos termos previsto no mesmo por importe de 14.400,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 334/480.00.

SEGUNDO: Aprobar o Convenio de acordo co modelo presentado pola Concelleira delegada de Cultura, a través do cal se articulará a presente subvención, así como proceder á sinatura do mesmo polo representante da Asociación e polo Sr. Alcalde-Presidente.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ó interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.11 CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á ASOCIACIÓN DOS FILLOS E AMIGOS DE PADRÓN.

Vista a providencia da Concelleira delegada de cultura de 23/8/2017 de incoación do procedemento para outorgar unha subvención directa á Asociación dos Fillos e Amigos de Padrón, xunto a que se achega borrador do Convenio de colaboración entre o Concello de Padrón e a devandita Asociación.

Visto o informe da Intervención accidental de 23/8/2017 de fiscalización do expediente .

Considerando que as deficiencias postas de manifesto pola intervención accidental non deben ser óbice para a tramitación do presente expediente de subvención nominativa, sen prexuízo de que sexan subsanadas con carácter previo á aprobación da xustificación da subvención, coa presentación da correspondente documentación, non aprobándose en caso contrario e procedendo á revogación da subvención concedida.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 6 de setembro de 2017

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Padrón [<https://sede.padron.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

PRIMEIRO: Conceder unha subvención á **Irmandade dos fillos e amigos de Padrón**, actuando como representante nas súas relacións co Concello D. Arturo Manuel Reboyras Villaverde, con D.N.I. 76516484-S, o cal subscribirá o convenio e asumirá a tarefa de xustificación da subvención nos termos previsto no mesmo por importe de 1.600,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 334/480.00.

SEGUNDO: Aprobar o Convenio de acordo co modelo presentado polo Concelleiro delegado de Cultura, a través do cal se articulará a presente subvención, así como proceder á sinatura do mesmo polo representante da Asociación e polo Sr. Alcalde-Presidente.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ó interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.12 CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR (AMIPA)

Vista a providencia da Concelleira delegada de Benestar e Servicios Sociais do 22/08/2017 de incoación do procedemento para outorgar unha subvención directa a AMIPA xunto á que se achega borrador do Convenio de colaboración entre o Concello de Padrón e a devandita Asociación, así coma o programa anual de actividades e o orzamento correspondentes ao ano 2017 da Asociación de referencia.

Visto o informe da Intervención accidental de 23/8/2017 de fiscalización do expediente.

Considerando que as deficiencias postas de manifesto pola intervención accidental non deben ser óbice para a tramitación do presente expediente de subvención nominativa, sen prexuízo de que sexan subsanadas con carácter previo á aprobación da xustificación da subvención, coa presentación da correspondente documentación, non aprobándose en caso contrario e procedendo á revogación da subvención concedida.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Conceder unha subvención á **Asociación AMIPA** actuando como representante nas súas relacións co Concello Don José Rodríguez Romero, con D.N.I. 33192552-X, o cal subscribirá o convenio e asumirá a tarefa de xustificación da subvención nos termos previsto no mesmo por importe de 12.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2311/480.00.

SEGUNDO: Aprobar o Convenio de acordo co modelo presentado polo Concelleiro delegado de Benestar Social a través do cal se articulará a presente subvención, así como proceder á sinatura do mesmo polo representante da Asociación e polo Sr. Alcalde-Presidente.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ó interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.13 CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á ASOCIACIÓN CÁRITAS DE PADRÓN.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Vista a providencia da Concelleira delegada de Benestar Social do 22/8/2017 de incoación do procedemento para outorgar unha subvención directa á Asociación Cáritas de Padrón, xunto á que se achega borrador do Convenio de colaboración entre o Concello de Padrón e a devandita Asociación.

Visto o informe da Intervención accidental de 23/08/2017 de fiscalización do expediente .

Considerando que as deficiencias postas de manifesto pola intervención accidental non deben ser óbice para a tramitación do presente expediente de subvención nominativa, sen prexuízo de que sexan subsanadas con carácter previo á aprobación da xustificación da subvención, coa presentación da correspondente documentación, non aprobándose en caso contrario e procedendo á revogación da subvención concedida.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Conceder unha subvención á **Asociación Cáritas de Padrón**, actuando como representante nas súas relacións co Concello D. Manuel Bascoy Blanco, con D.N.I. 35936010-M, a cal subscribirá o convenio e asumirá a tarefa de xustificación da subvención nos termos previsto no mesmo por importe de 1.500,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2311/480.00.

SEGUNDO: Aprobar o Convenio de acordo co modelo presentado polo Concelleiro delegado de Benestar Social a través do cal se articulará a presente subvención, así como proceder á sinatura do mesmo polo representante da Asociación e polo Sr. Alcalde-Presidente.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ó interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.14 CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIAS DE SAN VICENTE DE PAÚL.

